



DILIXENCIA

Para facer constar que na data de sinatura dixital da presente publícase, nos taboleiros de anuncios do Servizo de Cociña, no Hospital Universitario da Coruña, no Hospital Teresa Herrera, no Hospital Marítimo de Oza e no Hospital Abente e Lago, a avaliación das propostas de quenda para o persoal de Cociña do CHUAC para o ano 2024, logo do prazo establecido na dilixencia do 24 de novembro de 2023, e apertura de prazo de subsanación para determinadas incidencias detectadas nas mesmas.

O día 24 de novembro de 2023, a Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee reuniuse coa Comisión de Centro de Atención Hospitalaria do distrito da Coruña e cunha representación de persoal das categorías de Pinche e Cociñeiro/a do CHUAC.

Na reunión informouse sobre a necesidade de modificar as quendas do Servizo de Cociña e fíxose entrega dunha proposta da Administración, concedéndose un prazo de quince días para que os profesionais puidesen presentar propostas alternativas, conformes á dilixencia publicada na mesma data.

Os condicionantes das propostas, contidos na dilixencia, baseábanse na necesidade de acadar unha carteleira que contemplase todas as presenzas necesarias, todos os días da semana, e respectase os descansos diarios e semanais contidos no Estatuto Marco.

No prazo concedido presentáronse 3 propostas de quenda para o HUAC (xúntase copia das mesmas), unha para o Hospital Teresa Herrera e unha para o Hospital Marítimo de Oza.

A seguir, infórmase sobre as propostas presentadas, as cales acompañan á presente dilixencia:

1. - Hospital Teresa Herrera: A proposta cumpre o sinalado na dilixencia publicada o 24/11/2023 pola Dirección de Recursos Humanos. Esta proposta está asinada por un profesional e nela afirmase que conta co visto e praxe de todos os profesionais do centro.

2.- Hospital Marítimo de Oza: A proposta non cumpre o sinalado na dilixencia publicada o 24/11/2023, porque contén períodos de presenzas continuadas durante 7 ou 8 días, incumprindo os descansos semanais mínimos establecidos na Lei 55/2023, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.



3.- Hospital Universitario da Coruña:

3.a) Proposta asinada por 102 profesionais, que inclúe as categorías de Cociñeiro/a e Pinche: Non cumpre os criterios establecidos na dilixencia de 24/11/2023, polos seguintes motivos:

- Non cumpre as presenzas requiridas os sábados, domingos e luns.

Ademais do anterior, é preciso sinalar os seguintes aspectos, que deben cumprirse en calquera carteleira:

- O cómputo da carteleira proposta non contempla o goce de días de libre disposición
- Non se indican as quendas de traballo. Só se contemplan os días de libranza.

3.b) Propostas asinadas por 2 profesionais: Preséntanse dúas propostas, ás que aplican as seguintes incidencias

- A primeira das propostas (sombreada en cor vermella), presenta unha presenza menos das requiridas (50 presenzas, estando incluído o Hotel de Pacientes).
- A segunda das propostas (sombreada en cor amarela), presenta unha presenza máis das requiridas (52 presenzas, estando incluído o Hotel de Pacientes).

Ademais do anterior, é preciso sinalar os seguintes aspectos, que deben cumprirse en calquera carteleira:

- Ningunha das dúas propostas ten un patrón definido, presentando ambas carteleiras días con ausencia total de profesionais en determinados postos de traballo
- Os cálculos das carteleiras propostas non contemplan o goce de días de libre disposición.
- As propostas presentan unha descompensación no número de tardes, entre as quendas A e B, cun promedio de 32 tardes en cómputo anual.

Polo anteriormente sinalado, a continuación indícanse as accións a realizar para a posta en marcha das novas quendas de traballo:





Hospital Teresa Herrera: A proposta presentada deberá ser ratificada polos profesionais do centro.

Hospital Marítimo de Oza: Tendo en conta que a proposta non cumpre cos descansos regulamentarios, concédese un prazo de quince días para a súa subsanación.

Hospital Abente e Lago: Non existindo propostas alternativas, apróbase a proposta da Administración.

Hospital Universitario da Coruña: Tendo en conta que as propostas sinaladas non cumpren os criterios da dilixencia, pero que poderían ser subsanables, concédese un prazo de quince días para tal subsanación, debendo cumprirse e non sobrepasarse as presenza diarias (51 co Hotel de Pacientes, na categoría de Pinche, e 6 na categoría de Cociñeiro/a, incluído e garantindo a presenza en cada posto de traballo), contemplar xornada suficiente para o goce de días de libre disposición, existencia dun patrón definido e compensación do número de tardes para cada unha das quendas.

Finalmente, e no tocante á posibilidade de mobilidade provisional, a Dirección abrirá un proceso negociador coa Comisión de Centro, aos efectos de facilitar que os/as profesionais asignados á liña de Producción (tendo en conta as características destes postos) que así o desexen poidan pasar a desempeñar funcións noutras unidades do HUAC, para a cobertura de situacións como vacantes, reservas de longa duración, Maternidades/Paternidades, ITs ou vacacións, partindo dunha listaxe ordenada de conformidade con criterios obxectivos.

Asinado dixitalmente na Coruña,

Javier Fernández Nistal

Director de Recursos Humanos

